

A Barbería

Denomínase peiteador ou peiteadora á persoa que ten por profesión o arranxo do cabelo das persoas incluíndo operacións como lavado, corte, peiteado, tinguido, etc. As peiteadoras ou os peiteadores xeralmente están especializados no tratamento do cabelo dun xénero específico, masculino ou feminino, aínda que hai moitos salóns dedicados indistintamente a persoas de calquera sexo.

Nun salón de salón de peiteado ou barbería a peiteadora ou o peiteador realizan as seguintes actividades:

- do de cabeza.
- ación de tratamentos sobre o cabelo, tales como champús de diferentes tipos, locións ou fixadores.
- ado e peiteado do cabelo con diferentes cepillos (redondos, esqueleto...) e secador
- e de cabelo empregando diferentes tipos de tesoiras, navalla ou maquinilla eléctrica.
- entes traballos técnicos (tinguir ou cambios de forma permanente do cabelo)

Cualidades dun bo peiteador ou peiteadora

Os peiteadores deben ter a capacidade creativa, así como boa capacidade par escoitar e comunicarse co cliente.

Requírese de destreza para poder empregar as ferramentas correspondentes e moita enerxía, porque o horario pode ser moi longo.

Non deberían ter alerxia a ningún produto químico, xa que deberán traballar coas distintas solucións, decolorantes e tinguiduras.

Deben ter unha visión cromática normal e boa percepción de profundidade. masculinas, o peiteador ocúpase tamén do arranxo da barba e bigote dos clientes recibindo igualmente o nome de barbeiro.

Na barbería o barbeiro realiza as seguintes tarefas:

- Lavado e masaxe de cabeza.
- Aplicación de tratamentos sobre o cabelo, tales como champús de diferentes tipos, locións ou fixadores.
- Secado e peiteado do cabelo con diferentes cepillos (redondos, esqueleto...), secador e cosméticos.
- Cortes de cabelo empregando diferentes tipos de tesoiras, navalla ou maquinilla eléctrica.
- Diferentes traballos técnicos (tinguir ou cambios de forma permanente do cabelo)
- Deseño e arranxo de barbas e bigotes
- Rasurados
- Tratamentos faciais

A barbería

Debe ser ampla, con boa iluminación, sen moitos obstáculos que dificulten o traballo. Divídese por zona con diferentes fins, recepción, sala de espera zona de tocadores (en ocasións leva o lavacabezas incorporado), a zona do lavacabezas, aseos e almacén.

Mobiliario

- Sillón de barbería.

Diferénciase dos sillóns do salón de peiteados por ser máis grandes e pesados (necesita peso para poder reclinalos). Son reclinables, levan un apoio cabezas regulable (necesario nun sillón de barbería para poder recostar o cliente no rasurado) e regulan a altura.

- Carriños auxiliares
- Vitrinas
- Tocadores
- Lavacabezas.

Útiles y herramientas

- Lupas
- Pinzas
- Cepillo para retirar el pelo y cabello cortadora
- Pulverizador
- Espejo de mano
- Hemostáticos (para cortar posibles hemorrxias pequenas por corte)
- Contenedores especiais para desvotar as coitelas
- Brocha (para o bañado)
- Boles

Ferramentas

• Maquinillas eléctricas.

Composta por un cabezal que ten dous peites que se cruzan en movemento e realizan o corte, o peite externo é axustable en altura para lograr diferentes longos de pelo ou cabelo, a maiores trae uns peites extraíbles de diferentes mm. segundo a lonxitude á que se desexe deixar o cabelo. Empréganse para barba e corte de cabelo.

Podemos encontralas con diferentes motores:

➤ Motor magnético. _ Silenciosas e gran velocidade. Moi económicas e de larga duración.

Inconvintes. máquinas moi pesadas e con cable.

Poden ser molestas polas vibracións que transmiten.

Se se usan moito tempo poden chegar a quentarse.

➤ Motor pivote ou oscilación. Moi silenciosas.

Son moi potentes e serven para todo tipo de cabelos e pelos.

Modelos con cable ou de batería.

Son moi duraderas.

Inconvintes._A gran maioría dos modelos de máquinas son moi lentas no corte polo que no mundo da barbería non son moi ben acollidas

➤ Motor rotativo.- o máis empregado nas maquinillas eléctricas de corte.

Son potentes, silenciosas e de gran velocidade.

Para todo tipo de cabelos.

Poden empregarse con cable ou batería.

Poden regular a velocidade.

Inconvintes._ se non se coida o mantemento das cuchillas poden baixar a calidade do corte.

• Rasuradora. Empréganse para deixar o cabelo ou pelo



• **Maquinilla clásica.** A máis empregada.

Poden ser con cable ou batería.



• Maquinilla para barba ou contorno.

É máis pequena os peites do cabezal son fixos. Dispón de tres peites de diferentes tamaños extraíbles. Emregase para traballos técnicos de corte na barba, patillas, nucas (contorno) ou para facer deseños.



• Maquinillas manuais. En desuso.



Coidados das maquinillas	
Precaucións de emprego	• Non suxetar a maquinilla polos peites cando esté enchufada. • Desenchufar o rematar o corte.
Limpeza, desinfección e esterilización	Sempre despois de cada corte: • Eliminar os pelos ou cabelos.

	• Lavar os peites desmontables. • Desinfectar con alcohol de 75º ou emisores de radiación ultravioleta. • Esterilizar no autoclave ou aparellos de esterilización en seco.
Mantemento	• Engrasar as follas (non nos dentes) cunhas gotas de aceite. • Se os peites non cortan ben cambialos por outros. • Gardalas secas.

Navallas

Constan dun mango, folla e tixa.

- Navalla de coitela refugable (folla aberta).

A tradicional ou de barbeiro

- Navalla de folla fixa de dobre corpo (débase afiar e esterilizar antes do seu uso) empregase para o rasurado aínda que tamén se pode empregar para realizar cortes de cabelo aínda que hoxe en día empregase pouco para o corte de cabelo.



- Navalla de dobre coitela. Empregase para realizar raxurados ou arranxos de barba



- Navalla dun só corpo, con coitelas intercambiabes. Cun fío intercambiable protexido por un peite en ocasións. Empregase para os cortes a navalla



Tesoiras de corte

- **Tesoira de fíos rectos.**

Son as máis importantes dentro das ferramentas de corte. Constan de dúas follas con fíos rectos. Con elas pódense facer todas as técnicas de corte (recto, degradados, entresacar, desfilas, vaciar...). As tesoiras mídense por pulgadas (cada pulgada son 2,5 cm) as máis empregadas en barbería soen ser as de 5,5-7 pulgadas pero iso vai depender do gusto e comodidade da barbeira ou barbeiro e tamén do traballo que se vai realizar.

Para realizar a técnica de tesoir sobre peite aconséllase unha tesoir de 6 ou máis polgadas. Para traballos máis precisos adóitase empregar unha tesoir de menos de 6 polgadas. Empréganse para barba e corte de cabelo. Na barba empregaremos unha tesoir de menor polgadas. .



- **Tesoras de entresacar.**

Constan de dúas follas cos dous fíos dentados. empréganse para sacar espesor o cabelo. segundo sea o tamaño e separación dos dentes eliminará máis ou menos cabelos.en cabelos finos hai que ter coidado pois podería marcar demasiado.



- **Tesoir de tallista ou esculpir.**

Constan de dunha folla con fío recto e outra dentada. A diferenza coa tesoir de entresacar con esta conseguense efectos moito máis suaves o que resulta dun acabado máis definido e limpo.



Coidados das tesoiras	
Precaucións de emprego	• Só cortar os cabelos ou pelos. • Evitar as caídas para que non se desequilibren ou despunten. • Non gardalas nos bolsillo. • Telas sempre gardadas e cerradas na man cando non se esté a cortar con elas.
Limpeza, desinfección e esterilización	• Lavar e esterilizar a altas temperaturas despois de cada servizo. • Pódense esterilizar en seco (quentador de perliñas de cuarzo) ou vapor de auga (autoclave)
Mantemento	• Gardar sempre secas • Engrasar o parafuxo

- **Peite de corte.**



O máis empregado. Serve para realizar diferentes traballos de corte.


- **Peite de degradado.**



Emprégase para patillas nuca baixa ou barba.

- **Peite de corte ancho.**

Empregase para realizar nos laterais a unión entre o degradado e a zona superior.



Cepillos

- Cepillos redondos
- Cepillo para desenredar

Lencería

Capas protectoras

Toallas

Algodón

Protector pescozo.

Cosméticos

Para el pelo o cabello

Champús, mascarillas, acondicionadores, aceites, gominas, lacas, ceras, espumas...

Para el afeitado

Diferentes texturas espuma, gel , jabón o pomada, leche limpiadora, tónico, mascarilla facial, exfoliantes...

Para después del afeitado

Bálsamos, lociones o cremas

Aparatos

Secadores

Planchas

Calentadores de toallas

Para desinfectar (rayos ultravioleta B)

Para esterilizar (autoclave, perlizas de cuarzo, horna pasteur)

Productos para desinfectar

Alcohol de 70%

lejía al 1- 5 %

Glutaraldehido